



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la campaña comercial de AENA con motivo del Día de las Letras Gallegas realizada en español en el Aeropuerto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.**

El 17 de mayo se celebra en Galicia el Día de las Letras Gallegas, una jornada festiva en conmemoración de la lengua y la literatura gallegas, pero también reivindicativa que sirve para reclamar la plena normalización del gallego en todos los ámbitos.

Con motivo de este día, AENA desplegó una campaña comercial en el Aeropuerto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela bajo el título “Feliz Día de las Letras Gallegas” que finalizó el 18 de mayo a las 19.00 horas. y que anunciaba regalos por compras superiores a 15 euros.

Paradójicamente, en un día tan señalado para Galicia, AENA realizó una campaña de promoción en español, en lugar de utilizar el gallego en ese día tan significativo, con lo que queda claro que el uso irrespetuoso de la simbología del día no era para elogiar o promocionar el uso del gallego, sino para una simple campaña publicitaria.

El Gobierno ha expresado su supuesto compromiso con el multilingüismo existente en el Estado español y con la necesidad de impulsar la lengua gallega desde los diferentes órganos de la Administración del Estado. En sintonía con esa máxima, un aeropuerto como el de Santiago que recibe tantos visitantes debería servir también para demostrar el respeto a las diferentes lenguas del Estado y la promoción del gallego, en especial en un día tan significativo.

Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Gobierno de que AENA desplegó una campaña comercial con motivo del Día de las Letras Gallegas (entre el 16 y el 18 de mayo) en el aeropuerto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela exclusivamente en español?



2. ¿Está de acuerdo en que, al menos en este día, aunque nada impide que se haga también el resto del año, debería quedar patente el compromiso y la concienciación de la Administración General del Estado con la necesidad de normalizar el gallego y llevar a cabo en nuestra lengua la campaña para el Día de las Letras Gallegas que se desarrolla en Galicia?
3. ¿Cómo es posible que la campaña para el Día de las Letras Gallegas se realice en castellano?
4. ¿No sería adecuado aprovechar la proyección internacional y turística del aeropuerto de Santiago para fomentar la normalización del uso de la lengua gallega en este día tan especial?
5. ¿Adoptará las medidas oportunas para evitar que esto vuelva a ocurrir y garantizar que esta e incluso otras campañas se realicen en gallego en los aeropuertos de Galicia?
6. ¿Estaría dispuesto a planificar campañas específicas y actividades que permitan la promoción de escritores y figuras destacadas de la literatura y la tradición oral gallega en el Aeropuerto Rosalía de Castro?

Madrid, a 21 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 MAY. 2025 15:27:07

Entrada **69323**

Sobre a campaña realizada por AENA en español con motivo
do Día das Letras Galegas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á campaña comercial de AENA con motivo do Día da Letras Galegas realizada en español no aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.**

O 17 de maio celébrase o Día das Letras Galegas na Galiza, unha xornada festiva, de conmemoración da lingua e literatura galega, mais tamén reivindicativa que serve para demandar a plena normalización do galego en todos os ámbitos.

Con motivo deste día, AENA despregou no aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela unha campaña comercial titulada “Feliz Día de las Letras Gallegas” que finalizaba o 18 de maio ás 19 horas e que publicitaba agasallos por compras superiores a 15 euros.

Paradoxalmente, nun día tan sinalado en Galiza, AENA levou a cabo unha campaña de promoción en español, en lugar de utilizar o galego neste día sinalado, de forma que deixou claro que o uso irrespectuoso da simboloxía do día, non para enxalzar ou promocionar o uso do galego, senón para unha simple campaña de comercial.

O Goberno ten manifestado o seu pretendido compromiso co plurilingüismo existente no Estado español e coa necesidade de promocionar a lingua galega desde os diferentes órganos da Administración do Estado. Atendendo a esa máxima, un aeroporto como o de Santiago que recibe tantos visitantes debера servir, tamén, para evidenciar o respecto polas distintas linguas do estado e a promoción do galego, mais nun día tan sinalado.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. É coñecedor o Goberno de que AENA despregou unha campaña comercial con motivo do Día das Letras Galegas (entre o 16 e 18 maio) no aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela exclusivamente en español?
2. Comparte que, no mínimo neste día, aínda que nada impide que se faga tamén o resto do ano, debera evidenciarse o compromiso e concienciación da Administración Xeral do Estado coa necesidade de normalizar o galego e realizar na nosa lingua a campaña polo Día das Letras Galegas que desenvolve na Galiza?
3. Como é posíbel que a campaña polo Día das Letras Galegas se realice en español?
4. Non sería preciso aproveitar precisamente a proxección internacional e turística do aeroporto compostelán para fomentar a normalización do uso da lingua galega neste día sinalado?
5. Adoptará as medidas oportunas para impedir que suceda no futuro e asegurar que se realicen esta e mesmo outras campañas en galego nos aeroportos da Galiza?
6. Tería disposición para prever campañas específicas e actividades que permitan divulgar a escritoras e figuras destacadas da literatura e tradición oral galega no aeroporto Rosalía de Castro?

Madrid, a 21 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso